

Gato Soengas subliña que o goberno municipal xa ten comprometido o arranxo da estrada que une Esteba coa N-640

Esta será unha das actuacións que a entidade local incluírá no vindeiro plan provincial de obras e servizos

MONTERROSO, 7 DE MAIO DE 2015.- O Alcalde de Monterroso, Antonio Gato Soengas, aclara que o goberno municipal xa mantivo conversas cos veciños de Esteba e ten comprometido o arranxo da estrada que une esta parroquia coa N-640 (*Non N-540 como mal apunta o PP, descoñecedor das infraestruturas do Concello*). De feito, esta será unha das actuacións que Monterroso inclúa no vindeiro plan provincial de obras e servizos.

Gato Soengas reitera as súas desculpas aos veciños pola situación desta estrada e subliña o esforzo que está a facer o seu equipo de goberno para mellorar as infraestruturas de Monterroso. Deste xeito, lembra que se acondicionaron os accesos na totalidade dos 108 núcleos rurais que existen no municipio, así como que se aglomeraron números quilómetros de vías, tanto municipais como provinciais; traballos que reforzarán.